

# NIN LOMCE! NIN REVÁLIDAS!



Rexeita as **probas xerais de primaria!**

PLATAFORMA GALEGA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

[plataformagalegadenfensaensinopublico.blogspot.com.es](http://plataformagalegadenfensaensinopublico.blogspot.com.es)

ACTO  
INFORMATIVO:  
ANPA  
BRIGANTIUM  
CEIP VALES  
VILLAMARÍN  
VENRES 29 ABRIL.  
20:30 H.

## ESTE CURSO, REVÁLIDA FINAL EN 6º E PROBA EN 3º DE PRIMARIA.

Se o curso pasado a LOMCE trouxo consigo a proba en 3º, este ano a Xunta segue adiante e promove a reválida final en 6º. Esta revalida de final de Primaria durará TRES DÍAS (11,12 e 13 de maio). A de 3º, DOUS (24 e 25 de maio).

## REBELARSE É O CAMIÑO PARA PARAR A LOMCE

O curso pasado máis da metade das familias dos centros públicos galegos non levaron os seus fillos e fillas os días da reválida de 3º. Foi toda unha lección que agora temos que superar para que a comunidade educativa deixe ben claro que nin quere a LOMCE nin as REVÁLIDAS.

Esa desobediencia non tivo ningunha repercusión negativa para o alumnado; todo o contrario, non se viu sometido a unha proba sen sentido e antipedagóxica. E a Xunta tivo que tragar.

## A XUNTA, OBEDIENTE.

Hai comunidades autónomas que se negan a realizar este curso a reválida de 6º e a proba de 3º. As reválidas son antipedagóxicas, innecesarias, pretenden facer un ranking de centros, recentralizar o sistema educativo e desprezar o profesorado e a avaliación continua. E ao tempo someten o alumnado a unha presión innecesaria. Mais Feijóo sempre vai por diante nas políticas reaccionarias. Por iso non acepta a paralización da LOMCE. Mais está nas mans de todas e todos nós parar esta lei e as reválidas.

## A GRAN MENTIRA.

Di a Xunta que non é para tanto. Que son simples probas sen importancia. Entón para que as fan?

Din que son para detectar posíbeis problemas de aprendizaxe. Onde queda o papel do profesorado desde o 1º día que entran na escola? Vai ser unha proba tipo test a que vai substituír o seu traballo?

Din que grazas ás probas as familias van ter información nas competencias de comunicación lingüística (castelán, galego e inglés) e nas competencias matemáticas e científicas. Antes non tiñan información coas notas e as reunións? E as demais áreas, non valen para nada as Ciencias Sociais, a Música, etc...)?

Din que non ten validez académica. Entón porque figura no Real Decreto que son un documento oficial de avaliación? E para que se van poñer notas na reválida de 6º, puntuando desde Insuficiente (IN) a Sobresaliente (SB)?

Din que aínda que non se supere vaise promocionar igual á ESO. Máis non explican que os resultados INDIVIDUAIS serán trasladados ao Instituto no que vaian cursar estudos. Para que? Para que teña máis valor unha proba que se fai en tres días que o traballo de 6 anos?

## QUE PODEMOS FACER?

Ter información. Promover que esa información chegue a todas as familias. E actuar. Deixar eses días os nosos fillos e fillas na casa implica desvirtuar as reválidas. E gañarlle unha batalla á LOMCE. Fagámolo!

PLATAFORMA GALEGA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO